
PLAN DE ORIENTACIÓN

INDICE

1.	INTRODUCCIÓN. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA E LEGAL	2
2	XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	10
3	LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN	13
4	MEDIDAS ORGANIZATIVAS	17
5	ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN	17
6	ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN	17
7	OBXECTIVOS XERAIS	18
8	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	20
9	TEMPORALIZACIÓN	28
10	PROPOSTA DA CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CURSO 2022-23	35
	<input type="checkbox"/> Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios de: normalización, inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non-discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.	¡Error! Marcador no definido.
11	SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	52

1. INTRODUCCIÓN. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA E LEGAL

TEORICA

A titoría e orientación do alumnado forman parte da función docente, e desde esta concepción na que educar non é soamente transmitir coñecementos senón contribuír á formación integral dos alumnos e alumnas, todo o profesorado ten responsabilidade na función de orientación. Non obstante, para garantir a organización e coherencia no desenvolvemento da orientación e do proceso educativo dos diferentes grupos, canalízase a través dos titores e titoras, que a dirección do centro nomea ó inicio de cada curso, segundo os criterios establecidos na lexislación vixente.

O departamento de orientación, como órgano de coordinación docente, é a estrutura que planifica e asesora as actividades de orientación.

No departamento de orientación, entendemos a orientación como un proceso de análise e tratamento das situacións educativas desde unha perspectiva de colaboración e axuda sistemática á comunidade educativa. Esta comunidade educativa formada por profesores/as, alumnos/as, pais/nais e persoal de administración e servizos, conforma un sistema no que as relacións que existen entre os seus membros influirán en todas eles, e as actuacións de cada un deles repercutirá nos demais e en si mesmo. Non se poden, pois, concibir illadamente as accións e consecuencias das mesmas, senón que, é necesario coordinar as actuacións de todos e asumir as responsabilidades que cada un/unha de nós temos como parte do sistema educativo

No noso modelo de orientación, temos como obxectivo a realización de propostas educativas adaptadas ás necesidades dos distintos elementos que conforman a comunidade escolar, para desenvolver dun xeito colaborador e compartido entre todo o profesorado, equipo directivo e familias. Entendemos a orientación educativa como un continuo que comeza coa escolarización do alumno/a e que inclúe a toda a poboación escolar á marxe da diversidade que presente, e como un proceso global e unitario que integra aspectos do desenvolvemento persoal e social, dos procesos de ensino- aprendizaxe e os relaciona coa toma de decisións; no que a finalidade básica é acadar o desenvolvemento integral da persoa. O modelo ao que vai tender a nosa actuación vai ser o desenvolvido a partires da LOXSE e referendado coa LOE, o Modelo de Programas, fronte ao das actuacións propias dun modelo de servizos, baseado nunha perspectiva clínica da orientación, cun marcado carácter individualizado e terapéutico e descontextualizado da institución escolar, responde a uns obxectivos que se formulan en base ás necesidades do propio centro.

Baixo este prisma de Modelo de programas faise necesario unha estruturación clara do sistema de orientación, establecéndose:

Acción Titorial:

Como primeiro nivel e a través do cal garantímo-lo dereito de tódolos alumnos e alumnas á orientación (art. 1 da LOE). Será desenvolto por tódolos profesores/as do centro (art. 91 da LOE e art.91 da LOMCE) coordinados por un profesor/a-titor/a de cada grupo (Orde 22 de Xullo/97, Orde 1 agosto/97 e Orde 3 outubro/00)

Departamento de Orientación:

Servizo interno de orientación nos centros educativos, de carácter especializado e ao servizo da Acción Titorial, composto por: Xefa de Departamento (coa especialidade de Psicoloxía ou Pedagogía), un profesor/a de Fol, unha Titor/a por cada ámbito (lingüístico-social e científico-matemático).

Equipos de Orientación Específico:

De carácter provincial, caracterizado pola súa concepción multidisciplinar e especializada.

Mais debemos ter en conta que a nosa actuación réxese tamén por unha serie de

Principios:

PREVENCIÓN: supón o carácter proactivo da orientación, aínda que en determinadas ocasións sexa reactiva. A prevención primaria e a máis vinculada á educación.

PLANIFICACION: a orientación non pode ser una actividade improvisada ou puntual. Debe ser unha actividade planificada en canto a tempos, actuacións, implicacións.

CURRICULARIDADE: apunta a que a orientación se atope integrada no currículo, nas distintas áreas e nos niveis de concreción curricular, que non sexa unha actividade paralela á actividade educativa.

COOPERACIÓN: a necesidade de que exista cooperación e coordinación dos diversos axentes que interveñen. As familias, profesorado e alumnado teñen un papel activo e non é unha tarefa exclusiva da orientadora.

INTERVENCIÓN SOCIAL: a intervención non se centrará exclusivamente no alumnado, senón que terá como destinatarios tamén as familias, profesorado e incluso o medio. Non debemos esquecer que somos axentes sociais con peso para transformar o entorno.

SISTEMATICIDADE: o sistema educativo está formado por un conxunto de elementos que interactúan entre si, profesorado, alumnado, currículo. O cambio nalgún dos seus elementos producirá repercusións nos demais. As nosas actuacións non se centrarán tan só no alumnado, senón que comprenderán tamén ao resto dos axentes implicados.

DESENVOLVEMENTO PERSOAL:

Trátase de acadar o desenvolvemento integral das persoas, a todos os niveis: afectivo, cognitivo, académico.

Existen unha serie de consideracións que teremos que ter en conta á hora da elaboración, implementación e avaliación do noso plan de orientación:

-A necesidade do impulso institucional e dinamización do equipo directivo, de cara ao plan; sobre todo da xefatura de estudos, como máximo responsable da coordinación das actividades da orientación.

-A importancia de contar cun clima de colaboración e participación docente tanto no deseño como no desenvolvemento do plan.

-A importancia da Comisión de Coordinación Pedagóxica polo seu carácter funcional, debido ao número reducido de integrantes, a súa composición...para así poder elevar as nosas propostas dende o D.O.

-A utilidade de sensibilizar aos distintos axentes educativos, en relación coas necesidades do centro, a implicación no desenvolvemento dos programas, etc.

-A necesidade de partir da existencia dun sistema educativo que ten un carácter aberto e polo tanto precisa manter relacións co-entorno, posibilitando así un traballo interdisciplinar entre os distintos axentes do medio.

XUSTIFICACIÓN LEGAL

Puntualizacións lexislativas que nos parece importante sinalar e que poñen de manifesto que a orientación educativa considérase un dereito do alumnado e como un principio fundamental.

A LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, del 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica de Educación 2/2006, 3 de maio). Na **L.O.E.**, no seu **artigo 1 letra f** establece como unos dos principios a orientación educativa e profesional dos estudantes como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

En canto aos fins da educación, **artigo 2**, sinálase que se prestará unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza e en especial á orientación educativa e profesional.

A LOMLOE establece no **Art. 22. Principios xerais**: Na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. **Art. 26. Principios pedagóxicos**: Corresponde ás Administracións educativas promover as medidas necesarias para que a titoría persoal dos alumnos e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional, constitúan un elemento fundamental na ordenación desta etapa. As actividades educativas no bacharelato favorecerán a capacidade do alumno para aprender en por si, para traballar en equipo e para aplicar os métodos de investigación apropiados. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado incorporando a perspectiva de xénero. **Art. 157. Recursos pedagóxicos e de apoio ao profesorado**: A existencia de servizos ou profesionais especializados na orientación educativa, psicopedagóxica e profesional.

O artigo 6 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, queda redactado da seguinte maneira: Recoñécense aos alumnos os seguintes dereitos básicos: A recibir orientación educativa e profesional.

No artigo **91 declárase** que a **TITORÍA FORMA PARTE DA FUNCIÓN DOCENTE**, ao igual que no **Decreto 324/96**, onde tamén se establece como parte desa función, a titoría do alumnado, a dirección e orientación do seu aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo en colaboración coas familias. Tamén a orientación educativa académica e profesional do alumnado en colaboración cos servizos ou departamentos especializados.

É importante mencionar a **necesidade de potenciar a acción tutorial como medida de atención á diversidade**, algo que se establece no **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (LOE).

NORMATIVA RELACIONADA COAS FUNCÍONS E INTERVENCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN EN RELACIÓN COA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

DECRETO 120/ 1998, DO 23 DE ABRIL, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia:

Art. 7º. Funcións da xefatura do departamento de orientación:

g) Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento que se estableza.

DECRETO 229/2011, DO 7 DE DECEMBRO, polo que se regula a atención á diversidade e a ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Xa na Introducción fala de que a LOE considera **Alumnado Con Necesidade Específica De Apoio Educativo (Aneae)** ó alumnado que presenta: necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

O capítulo quinto, dedicado integramente ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aborda a conceptualización deste alumnado:

Art. 32. Concepto.

Enténdese por **alumnado con necesidade específica de apoio educativo** aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias **por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.**

Art. 9. Medidas extraordinarias de atención á diversidade.

No marco deste decreto, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou unha modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación.

No marco deste Decreto: as medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- Son todas as dirixidas a dar resposta: ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE).
- Poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario.
- Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar insuficientes.
- Necesitan da autorización da Administración educativa.

Na LOMLOE, a **atención do alumnado con necesidades específicas** de apoio educativo (inclúe necesidades educativas especiais e dificultades específicas de aprendizaxe)

DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

CAPÍTULO IX: Atención a diversidade e programas formativos adaptados

Artigo 31. Atención á diversidade.

1. . A formación profesional básica organízase de acordo co principio de atención á diversidade dos alumnos e as alumnas e co seu carácter de oferta obrigatoria. As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder á diversidade do alumnado e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás competencias profesionais do título, e responderá ao dereito a unha educación inclusiva que lles permita alcanzar os obxectivos e a titulación correspondente, segundo o establecido na normativa vixente en materia de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social e laboral.
2. A consellería con competencias en materia de educación promoverá **medidas metodolóxicas** de atención á diversidade que permitan aos centros docentes, no exercicio da súa autonomía, unha organización das ensinanzas adecuada ás características dos alumnos e as alumnas, con especial atención no relativo á adquisición das competencias lingüísticas contidas nos módulos profesionais de Comunicación e sociedade I e II para os alumnos e as alumnas que presenten dificultades na súa expresión oral, sen que as medidas adoptadas supoñan unha minoración da avaliación das súas aprendizaxes.
3. Os centros docentes, respectando os criterios de avaliación dos distintos módulos, adaptarán os tempos e os instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado con necesidades educativas especiais.
4. *Flexibilización modular na formación profesional básica* na formación profesional básica regularase segundo o establecido para o resto dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo de Galicia.

2 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O IES As Fontiñas é un centro de titularidade Pública, urbano. Xerográficamente está situado na rúa Estocolmo, 5 no Concello de Santiago, con C.P. 15707 do Polígono das Fontiñas. A zona onde está situado o Instituto é un Polígono creado a principios dos anos 90 cunha poboación relativamente nova e en fase de crecemento.

O centro comezou a funcionar no curso 91-92. Nas súas orixes créase como centro de formación profesional superior. No ano 1999 o centro é transformado en Instituto de Enseñanza Secundaria, no que se continúa a impartir a formación profesional antiga ata a súa extinción e comézase a impartir Bacharelato e ciclos de formación profesional. (Lei LOXSE, 1990)

No Polígono existen ademais outros dous centros de ensino: un Colexio Público de Educación Infantil e de Primaria e outro IES que imparte a ESO e Bacharelatos.

Horario: De luns a Venres pola mañá de 9:00 a 14:25 e polas tardes de luns a xoves de 15:30 a 23:00 e os venres finalizan as actividades as 20:30h.

Instalacións: Son as prescritiva en canto a requisitos mínimos dos centros. En canto a aquelas máis relacionadas coa nosa intervención ou coa implementación dos programas: conserxería, secretaría, despachos de dirección, departamentos didácticos, departamento de orientación, laboratorios de: idiomas, física, bioloxía, química, aulas de informática, aulas de debuxo, ximnasio, cafetería...

Clima xeral: O clima xeral do centro é bastante bo. A actuación dos Órganos colexiados de goberno e de coordinación docente, Consello Escolar, Claustro de Profesores e os Departamentos de Coordinación Didáctica xunto co-Equipo Directivo e o Departamento de Orientación parecen ir conseguindo un bo nivel no desenvolvemento das distintas actuacións que se levan a cabo no centro, e o tratan de transmitir ao contorno social.

Convivencia: Aínda que en termos xerais é boa, a lo longo do presente plan incidiremos na necesidade de desenvolver aspectos tales como a acollida, resolución e mediación nos conflitos puntuais que poidan xurdir, facendo fincapé na prevención de situacións de acoso e marxinação. É desexable que aumente a cohesión grupal entre o noso alumnado.

2.1 ESTUDIOS OFERTADOS:

Os estudos ofertados pertencen o ensino postobligatorio:

1º Bacharelato Ciencias e T�ecnolox�a	1º Bacharelato de Humanidades Ciencias Sociais	1º Bacharelato Xeral
2º Bacharelato Ciencias e T�ecnolox�a	2º Bacharelato de Humanidade e Ciencias Sociais	2º Bacharelato Xeral

CICLOS FORMATIVOS DE FORMACI N PROFESIONAL:

FAMILIA DE ADMINISTRACI N

R�exime ordinario	CURSOS	
Fp b�sica: servizos administrativos	1º	2º
Ciclo medio xesti�n administrativa	1º	2º
Ciclo superior administraci�n e finanzas	1º	2º
Ciclo superior: asistencia � direcci�n	1º	2º

R�exime Modular	CURSOS	
CICLO MEDIO (ZM): XESTI�N ADMINISTRATIVA	1º	2º
CICLO SUPERIOR (ZS): ADMINISTRACI�N E FINANZAS	1º	2º

FAMILIA DE EDIFICACI N E OBRA CIVIL

R�exime Ordinario	CURSOS	
CICLO SUPERIOR DE PROXECTOS DE EDIFICACI�N	1º	2º
CICLO SUPERIOR DE PROXECTOS DE OBRA CIVIL	1º	2º
R�exime Modular a distancia		
CICLO SUPERIOR DE PROXECTOS DE EDIFICACI�N	1º	2º

2.2 DATOS SOBRE O ALUMNADO

O número de alumnos é de quinientos noventa e tres. O punto de partida dos alumnos é tremendamente heteroxéneo. As diferentes situacións vitais desembocan nun crisol de realidades no académico e no vital. O Alumnado que actualmente cursa estudos neste Instituto procede, casi na súa totalidade de fora do Polígono, e unha gran parte de fora do Concello, desplazándose dende lugares situados a máis de 40 km.

Idade do alumnado: no bacharelato o intervalo de idade oscila entre os 16 e os 20 anos. Nos ciclos formativos o intervalo é máis amplo. Nos ciclos medios e superiores temos réxime ordinario e o réxime adultos. Hai seis anos implantase a formación profesional Básica con alumnado de idades comprendidas entre os 15 e 20 anos.

En xeral, os alumnos achéganse ao departamento de Orientación con demandas variadas. Parece necesario incidir máis no dominio das técnicas de estudo. Moitos alumnos, como consecuencia dos cambios de países, de sistemas educativos, de centros, presentan carencias nas áreas instrumentais básicas, falta de hábitos de estudo e baixo interese polo estudo. Debemos incidir sobre estes aspectos desde o primer curso da formación profesional básica co obxectivo de fomentar os seus recursos e motivación e dotarlles de instrumentos para acometer con éxito a etapa. En canto ao sexo, no Bacharelato predomina lixeiramente o alumnado feminino. Na Formación Profesional da Familia de Administración predomina o alumnado femenino. Na Familia de Edificación e Obra Civil predomina o alumnado masculino.

Globalmente: O 60% corresponde o alumnado femenino.

Por outra parte un 70% do alumnado que estudia Formación Profesional procede do Bacharelato e un número importante deste alumnado manifesta interese en seguir estudos universitarios.

3 LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

3.1 Actuacións referidas á actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro e os documentos que integran as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.:

- *DESENVOLVEMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE* presente no centro e en particular ao alumnado con necesidades de apoio educativo a través da:

a) Pronta identificación das necesidades educativas do alumnado:

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará una avaliación inicial.

- **A avaliación inicial** será o punto de referencia para a toma de decisión relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno ou alumna. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado
- **Elaboración das medidas de apoio para o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ou inclusión** no sistema educativo.:

Entendemos a atención á diversidade no centro escolar como o conxunto de propostas curriculares e organizativas que perseguen adecuar as respostas educativas á pluralidade de necesidades de todos e cada un dos alumnos e alumnas para que acaden as competencias básicas, as capacidades de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situación diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Nos primeiros meses (setembro e outubro) do curso analizaranse as medidas de apoio e a información do alumnado que estivera recibindo apoio o curso anterior e dos alumnos e alumnas de nova incorporación ó centro. Despois de varias reunións, organizaranse os apoios.

- **Proposta de iniciativas** que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais dos centros no que se refire aos apoios enunciados no punto anterior, de

cara a avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.

- **Establecemento de canles de coordinación cos IES da zona, a través dos departamentos de orientación**, para favorecer o proceso de intercambio de información e facilitar o tránsito do alumnado entre as etapas de educación secundaria á FP-Básica.

e) **Asesoramento ás demandas realizadas polos departamentos didácticos e os equipos docentes** para que nas respectivas programacións se contemplen distintos niveis de dificultades que dean resposta á diversidade presente nas aulas.

O equipo docente adaptará e xustificará as programacións ás necesidades educativas do alumnado que forme o seu grupo de atención. Cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non responda globalmente aos obxectivos programados, o profesorado adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo.

As ensinanzas de formación profesional para as persoas adultas organizaranse cunha metodoloxía flexible e aberta, baseada na autoaprendizaxe, e adaptada ás súas condicións, capacidades, necesidades, e aos seus intereses persoais, que lles permita a conciliación da aprendizaxe con outras actividades e responsabilidade.

Nestas ensinanzas prestaráselles unha atención adecuada ás persoas con discapacidade, no relativo ás condicións de accesibilidade e cos recursos de apoio necesarios en cada caso. *(DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.)*

▪ DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

- Colaboración na análise das necesidades do profesorado titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción titorial.
- Aspectos organizativos e de xestión da acción titorial: criterios para a adxudicación de titorías, establecemento de mecanismos de coordinación entre equipos docentes, entre o profesorado titor e o departamento de orientación e demais profesorado do centro.

3.2 Con respecto ao resto das actuacións propias da orientación educativa, contempladas no marco do Decreto 120/1998, do 23 de abril, e da Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve prestando especial atención ás seguintes actuacións:

- **PROMOCIÓN DA CONVIVENCIA E A RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS:**
 - **Colaboración** na diagnose sobre o estado da convivencia no centro en base á información ofertada polos distintos sectores da comunidade educativa, e proposta de medidas que redunden na mellora da mesma: **dinamización da xunta de delegados e delegadas**, mediación escolar, **n e g o c i a c i ó n das normas de convivencia**.
 - **Participación** na revisión do **proxecto educativo do centro**, se é o caso, con especial atención aos principios dunha **educación democrática e igualitaria** e de **valores tales como solidariedade, cooperación, xustiza, tolerancia e desenvolvemento sostible**.
 - **Colaboración** na revisión e actualización do Plan de convivencia.
- **FORMACION** permanente, investigación, experimentación e innovación:
 - Colaboración na detección de necesidades de formación do profesorado en temas de orientación e dinamización da participación en cursos que se organicen para atender a estas necesidades.
 - Participación na formación permanente dos orientadores e orientadoras.
 - Participación na recompilación de recursos e materiais de apoio: páxinas Web, materiais impresos, experiencias de outros centros, etc
- **PARTICIPACIÓN** e implicación das familias, como parte fundamental da comunidade educativa:
 - Dinamización das canles de comunicación e participación entre familias e centro educativo.
 - Colaboración cas familias do centro en temas de interese para a educación dos seus fillos e fillas.

- ACTUACIÓN EN RELACIÓN Á ETAPA DE TRANSICIÓN da formación ao mundo laboral ou viceversa:
 - Atención preferente ao alumnado que remata un ciclo medio ou superior, con necesidades específicas, así como persoas adultas que retornan ao sistema educativo.
 - Colaboración no seguimento da inserción laboral do alumnado que remata os ciclos.

- FOMENTO DA CULTURA EMPRENDEDORA e o auto emprego:
 - A través de accións nas diferentes áreas, módulos e materias do currículo cun tratamento transversal.
 - A sensibilización dos centros educativos en campañas de sensibilización, concursos de ideas. Proxectos empresariais e talleres de formación para o fomento do auto emprego.

- ASESORAMENTO ás persoas adultas sobre diferentes oportunidades de aprendizaxe e de inserción laboral.

4 MEDIDAS ORGANIZATIVAS

Para poder coordinar e levar a cabo o plan de orientación, na planificación xeral do centro contémplanse as seguintes medidas organizativas:

- Reunión dos membros do departamento de orientación do IES.
- Necesidade de establecer mecanismos de coordinación entre os equipos docentes, entre as persoas titoras e o departamento de orientación, e demais profesorado do centro, xunto coa xefatura de estudos.

5 ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

A actuación do departamento de orientación desenvolverase en torno a tres ámbitos, que están estreitamente intre relacionados:

- **Apoio ó Proceso de Ensinanza e Aprendizaxe**, tanto no relativo ás medidas educativas preventivas e ordinarias, como extraordinarias.
- **Apoio á organización e desenvolvemento do Plan de Acción Titorial**, a fin de favorecer o seguimento do proceso de ensinanza e aprendizaxe de cada alumno/a e do grupo, e a súa inclusión e participación na dinámica do centro.
- **Apoio á organización e desenvolvemento do Plan de Orientación Académica e Profesional do alumnado**, para axudarlle nos procesos de toma de decisións e madurez vocacional.

6 ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A organización da intervención e apoio ó proceso de ensinanza- aprendizaxe **realizarase fundamentalmente a través das reunións dos equipos docentes de grupo.**

Nestas reunións propoñeranse as medidas educativas ordinarias e extraordinarias que poida necesitar o alumnado ou grupo en cada materia ou módulo. Así como a forma de colaboración e participación dos axentes implicados para o desenvolvemento das medidas que se acorden.

Os plans de acción titorial e de orientación académica e profesional deseñaranse segundo, as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as propostas dos **titores** e titoras. Unha das necesidades básicas no funcionamento do centro é a consolidación da Acción Titorial, a través dos titores e titoras, é máis doado chegar ó resto do profesorado, alumnado e familias.

É necesario subliñar que existen diferencias entre a acción tutorial que poden realizar os titores e titoras da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria ou a FP-Básica e os/as de Bacharelato, ou Formación Profesional. Os/as primeiros/as teñen contemplado no seu horario lectivo unha sesión de tutoría co grupo de alumnos/as, e é nesa sesión cando poden desenvolver o plan de acción tutorial e de Orientación Académica e Profesional, mentres que para o Bacharelato e a Formación Profesional esta sesión de tutoría co grupo de alumnado non está contemplada na organización do seu horario lectivo.

7 OBXECTIVOS XERAIS

- Facilitar o coñecemento das características do alumnado procedente doutros centros que inicia a escolarización na etapa de educación secundaria pos obrigatoria.
- Prestar apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado.
- Coordinar e colaborar na organización e atención ó alumnado con necesidades educativas específicas.
- Fomentar a inclusión e participación do alumnado na dinámica do centro, favorecendo actitudes de respecto, colaboración e tolerancia, así como o cumprimento das normas básicas de convivencia.
- Favorecer a comunicación cos alumnos/as e as súas familias, nos ámbitos individuais e grupais.
- Asesorar ó equipo directivo e ós equipos docentes en temas de avaliación, promoción e titulación.
- Colaborar no proceso de toma de decisións, especialmente nas académicas e profesionais, mediante programas de orientación que doten ó alumnado da capacidade de toma de decisións responsables e con coñecemento das súas posibilidades e das oportunidades que se lle presentan, tanto a nivel escolar como profesional.
- Colaborar cos servicios de orientación do ámbito educativo e cos orientadores laborais, no marco do sistema integrado de información e orientación profesional.

- Coordinar as actividades titoriais, asegurando a coherencia no desenvolvemento do plan de acción tutorial nos distintos niveis educativos, e favorecendo a formación do titor/a para que poida desempeñar as súas funcións adaptándoas ás características do grupo.

8 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Ámbito de Apoio ó Proceso de Ensinanza-Aprendizaxe

- Asesorar ó equipo directivo e ó profesorado sobre as medidas educativas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade e a necesidade da súa implantación para poder atender á diversidade do alumnado.
- Colaborar cos equipos docente na avaliación inicial do alumnado e no establecemento de medidas educativas adaptadas ás necesidades detectadas no grupo ou nalgún alumno ou alumna.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que nos distintos documentos e actuacións se contemple a atención á diversidade e se favoreza o desenvolvemento de actitudes positivas fronte á diversidade multicultural.
- Participar no deseño, desenvolvemento e seguimento de medidas de carácter preventivo e compensador das necesidades educativas específicas: reforzo educativo, adaptacións curriculares.
- Apoiar o desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Colaborar cos departamentos didácticos e cos equipos docentes para que se fomente a valoración do esforzo no traballo e se potencie o desenvolvemento de actividades que favorezan a aprendizaxe significativa.
- A s e s o r a r e elaborar guías para o desenvolvemento das sesións de avaliación na procura de actuacións que permitan dar coherencia ás respostas educativas.
- Colaborar e coordinarse cos diferentes servicios e institucións que actúan no ámbito da orientación.
- Participar no desenvolvemento de programas que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos.

Estas accións prioritarias ou obxectivos xerais serviran de marco para desenvolver os seguintes programas de intervención:

A. PROGRAMA DE ATENCIÓN A ALUMNADO CON DIFICULTADES

Seguirase a normativa vixente: Decreto de atención á diversidade 229/2011, do 7 de decembro. ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Departamento de Orientación fixo presenta o Plan Xeral de Atención á diversidade, como marca a lexislación (Art.11. P.1 do Decreto). Aprobado no curso 2011-12.

Á comezo deste curso escolar, o Dpto. de Orientación elaborará a proposta da concreción anual do PXAD, que debe formar parte da programación xeral anual. (Art. 11, P.4 do Decreto)

Este é un programa sempre necesario nos centros, tendo en conta que, nas situacións en que a prevención xa non ten lugar, nas que xa xurdiron dificultades de aprendizaxe é preciso artellar unha resposta educativa global que palíe e promova o maior e mellor desenvolvemento do alumno/a.

Obxectivo Xeral:

Establecer unha liña xeral de actuación entre as necesidades educativas específicas do alumnado, a través da prevención, compensación e corrección das súas dificultades.

Asesorar en relación aos protocolos de solicitude de Avaliación Psicopedagóxica e de demandas ao D.O. ao profesorado e persoas titoras. Estes protocolos están incluídos no Plan Xeral de Atención á Diversidade, como indica a normativa vixente (Decreto 229/2011 do 7 de decembro).

Proposta de asesoramento ás persoas titoras para a planificación das sesións de avaliacións.

Contidos:

Necesidades Educativas Específicas

Factores influentes nas Dificultades de Aprendizaxe

Medidas de Atención á Diversidade:

-Apoios (definición de tempos, horarios, espazo, modalidades apoio...)

-Adaptacións Curriculares, Reforzo educativo, Flexibilización modular.

Ámbito do Plan de Acción Titorial

- Colaborar na análise dos expedientes e recollida de información sobre o alumnado, especialmente dos alumnos e alumnas que inician este curso, 1º FP-Básica, 1º de Bacharelatos e ciclos medios e Superiores, que presentan necesidades educativas especiais.
- Contribuír ó desenvolvemento da acción titorial, ofertando asesoramento, materiais e propostas de actividades.
- Asesorar no desenvolvemento de actuacións dirixidas á resolución de conflitos e a mellorar as relacións sociais e convivencia nas aulas e no centro.
- Potenciar e coordinar a participación en programas destinados a prevención da violencia de xénero, de educación para a saúde, de educación afectivo-sexual...
- Promover actividades que impliquen ás familias e á comunidade educativa.
- A s e s o r a r nas reunións e relacións coas familias, de xeito individual e colectivo, para que participen activamente no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Asesorar ós/ás titores/as no cumprimento da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade.
- Participar no desenvolvemento de programas que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos.

B. PROGRAMA DE ACOLLIDA E CONVIVENCIA

A importancia dos procesos de acollida e convivencia acadan cada vez maior protagonismo na acción educativa.

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é decir, a actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro. (PEC). Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluirá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.

Tamén na LOE se fai mención á convivencia cando sinala que o proxecto Educativo deberá incluír entre outros documentos, O Plan de Convivencia do centro.

A integración escolar do alumnado garante na meirande parte dos casos a integración social (función socializadora da escola).

O proceso de adaptación ao medio escolar é a miúdo dificultoso: o cambio de etapa, de centro, de profesorado, de compañeiros/as...Pero este primeiro momento non só ten importancia en si mesmo senón que describe a necesidade dunha coidadosa planificación en referencia ao logro dunha correcta adaptación a través da interacción entre o alumnado, a mellora da vida do grupo e a participación do alumnado.

Obxectivo xeral:

Favorecer procesos de acollida do alumnado, novo profesorado e familias á vez que academos un clima de convivencia participativa e democrática.

Contidos:**- Acollida**

- Reunión coas familias do alumnado que inicia a súa escolarización no centro.
- Elección de delegado/a. Funcións da Asemblea de delegados.
- Normas de Organización e Funcionamento.
- Mellora da convivencia e resolución pacífica de conflitos

C. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL

Os aspectos afectivos e emocionais tiveron tradicionalmente unha consideración secundaria, esquecendo en gran medida que para que se podan realizar aprendizaxes é preciso que o alumnado se desenvolva nun clima que lle resulte afectiva e emocionalmente estable. Igualmente, os procesos educativos se teñen centrado basicamente no desenvolvemento cognitivo, esquecendo outros aspectos fundamentais, como por exemplo, o afectivo-emocional.

Esta importancia aparece recollida na LOE en canto ao desenvolvemento das capacidades afectivas como obxectivo xeral das etapas e no artigo 71 sobre a promoción do desenvolvemento persoal, social, intelectual emocional do alumnado.

Tendo presentes as características particulares da etapa na que se atopan a partir da cal comezan a perfilar a súa personalidade e a establecer relacións máis profundas e tendo en conta os riscos actuais en materia de saúde que se lle van a presentar (drogas, alcohol, inicio das experiencias sexuais sen información axeitada...) parécenos fundamental facer fincapé nesta parte como complemento imprescindible dos outros programas e para poder lograr un desenvolvemento integral da persoa que lle permita integrarse na sociedade dun xeito autónomo, crítico e saudable.

Obxectivo Xeral:

Desenvolver unha mellor competencia emocional no alumnado estruturando dispositivos de prevención primaria dende o eido escolar e familiar.

Contidos:

- Afectividade - sexualidade
- Educación para a Saúde (drogas, tabaco...)

Ámbito do Plan de Orientación Académica e Profesional

- Elaborar o plan de orientación académica e profesional segundo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as propostas dos titores e titoras.
- Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo.
- Colaborar cos departamentos didácticos, equipos docentes e titores/as na incorporación ó currículo da orientación académica: elección de materias optativas, itinerarios educativos...
- Orientar e asesorar a toda a comunidade educativa sobre as posibilidades académicas e laborais, así como sobre as ofertas educativas do seu contorno, no momento de finalización dunha etapa educativa (Formación Profesional: Básica, Ciclos Superiores, Medios e Bacharelato).
- Promover a realización de actividades de información e orientación nas que participen persoas e profesionais externos ó centro.
- Participar no desenvolvemento de programas que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos.

Estas accións prioritarias ou obxectivos xerais van servir de marco para desenvolver os seguintes programas:

D. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DA MADUREZ VOCACIONAL.

Na sociedade actual son cada vez máis complexos os cambios de carácter económico, social e laboral que se producen, o que ven a xustificar aínda máis a necesidade da orientación educativa como un proceso continuo ao longo de todo o proceso educativo e incluso ao longo da vida das persoas, xa que estas se ven na obriga de tomar múltiples decisións que afectan a súa situación persoal e formativa. Este proceso debe tomar especial intensidade en determinados momentos, especialmente na educación secundaria obrigatoria cando un alumno/a ten que comezar a definir o seu proxecto académico profesional dun xeito máis ou menos nítido. Un proxecto que se definirá e concretará aínda máis no alumnado que realice os estudos de Bacharelato e Formación Profesional.

Como proba da importancia concedida á orientación educativa e profesional, a **LOE** a recolle como principio e fin do sistema educativo (**artigo 1 e 2**). Non esquezamos que o apoio e asesoramento ao alumnado na elección de optativas, cambio de ciclo ou etapa, etc. Son funcións do Departamento. de Orientación recollidas no Decreto 120/98 e na Orde do 24 de xullo/98.

Estas necesidades pretenden ser atendidas complementariamente co presente programa no que están implicados todos os axentes educativos (profesorado, equipo directivo, departamento de orientación, pais, nais alumnos e alumnas, axentes locais) coa finalidade de que o alumnado afronte a toma de decisións que o levará á conformación do seu proxecto académico e profesional dun xeito autónomo e responsable.

Obxectivo Xeral:

Impulsar un modelo de orientación académico profesional propio do centro educativo e que responda ás necesidades da comunidade educativa.

9 TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE

Proceso de Ensino-Aprendizaxe

- Facilitar a información recollida sobre os/as alumnos/as polos titores e titoras en cursos anteriores.
- Coordinar o apoio do alumnado con necesidades educativas específicas.
- Participar nas reunións dos equipos docentes.
- Colaborar na elaboración ou deseño de medidas de reforzo educativo e Flexibilización modular.
- Asesorar e deseñar materiais para a realización das sesións de avaliación, na procura de buscar actuacións que favorezan a coherencia nas respostas educativas.

Plan de Acción Tutorial

- Deseño de materiais para os titores e titoras do plan de acollida do alumnado.
- Deseño de cuestionarios para a recollida de información inicial do alumnado de: FP-Básica, Bacharelato e ciclosformativos.
- Propostas de actividades para desenvolver co alumnado, iniciando coas referidas a recollida de información inicial do alumnado coñecemento do NOF e a elección de delegados/as.
- Asesoramento e seguimento da función tutorial.
- Potenciar o desenvolvemento de programas de Educación para a saúde, prevención do consumo de drogas. Sexualidade.
- Selección e deseño de materiais que orienten ós titores/as no desenvolvemento da función tutorial.
- Información sobre cursos de formación para o profesorado, directamente relacionados coa orientación e, especialmente, cos programas que se propoñan para desenvolver no plan de acción tutorial.
- Preparación de materiais para a realización das sesións da 1ª de avaliación, na procura de buscar actuacións que favorezan a potenciación da vertente formativa.

2º TRIMESTRE

Proceso de Ensino-Aprendizaxe

- Elaboración ou modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ou inclusión.
- Continuar coas actuacións iniciadas no primeiro trimestre: participación nas reunións dos equipos docentes, apoio ó alumnado con necesidades educativas específicas, coordinacións das actividades de tutoría, ...
- Preparación de materiais para a realización das sesións da 2ª avaliación, na procura de buscar actuacións que favorezan a potenciación da vertente formativa.

Plan de Acción Titorial. 1º e 2º Trimestre

- Continuar coas propostas iniciadas e aquelas que se consideren necesarias.
- Continuar coa coordinación do Proxecto Aleida, dirixido a promover a xestión da diversidade, a mediación entre culturas e a xestión de conflitos tanto dentro, como fora do sistema educativo con:
 - Obradoiros preventivos como:
- Novas téncoloxias, sexualidade, para o alumnado de 1º Preténdese proporcionar información axeitada e suficiente sobre sexualidade e prevención, dotar aos mozos e mozas de habilidades de relación, autoeficacia e asertividade para a práctica dun sexo máis seguro. Para 2º da FP-Básica: Igualdad, Drogodependencias, Técnicas de busca de emprego. Realízase nas horas destinadas as titorías de grupo.
 - Titorías de mediación no conflito e prevención do acoso escolar
 - Programa de competencias familiares
 - Servicio de intervención familiar

3º TRIMESTRE

Proceso de Ensino-Aprendizaxe

- Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizax
- Preparación de materiais para a realización das sesións da 3ª de avaliación, incluíndo información relativa á promoción e titulación

Plan de Acción Titorial

- Colaborar no asesoramento ó alumnado e familias en relación coas expectativas académicas e profesionais para o próximo curso.
- Asesorar ós titores/as na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que está recibindo medidas de atención á diversidade
- Aportar información sobre a avaliación, promoción e titulación do alumnado.

Plan de Orientación Académica e Profesional

- Colaborar no proceso de toma de decisións dos alumnos e alumnas que remata n unha etapa educativa (Bacharelato, Ciclos), mediante accións que lles faciliten unha elección responsable, acorde coas súas posibilidades e intereses, e que non estea mediatizada por condicionantes de xénero, orixe, lugar de residencia.
- Elaboración dun programa de orientación profesional para aquel alumnado que remata unha etapa educativa. Este programa será deseñado polo Departamento de Orientación e será impartido, ben polo propio Departamento de Orientación, ben polos titores/as dos grupos de alumnos/as ós que vai dirixido.
- Participar nas xornadas que organiza a USC para o alumnado de bacharelato e ciclos sobre “A estrutura e acceso ó sistema universitario de Galicia”.
- Charlas Temáticas.
- Encuentros

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	FORMAS DE INTERVENCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
<p><i>Fixar as liñas de actuacións prioritarias para cada etapa, ciclo e curso, dirixidas o alumnado, familias, e as encamiñadas á relación co entorno laboral.</i></p>	<p><i>-Determinación das actividades encamiñadas á Orientación Académica e profesional que se integrarán no P.A.T. no currículo das materias e as que serán responsabilidade do D.O</i></p> <p><i>-Definición das actividades comúns, en orde secuencial e temporizador de actividades específicas para cada curso, ciclo, etapa, establecendo formas de coordinación.</i></p>	<p><i>-Reunións iniciais C.C.P e titores; directrices, proposta e discusións, elaboración da proposta, polo D.O/presentación ó Claustro para a súa aprobación.</i></p> <p><i>-Reunións D.O cos titores-as</i></p> <p><i>-Reunións da C.C.P e dos departamentos didácticos.</i></p> <p><i>-Elaboración da proposta do P.O.A.P para o curso, seguindo as directrices aportadas pola C.C.P</i></p>	<p><i>1º Trimestre</i></p>
<p><i>-Coordinar a orientación Académica e profesional do</i></p>	<p><i>-Deseño de programas de orientación vocacional para</i></p>	<p><i>Deseño do programa polo D.O Traballar o</i></p>	<p><i>Xaneiro-Febreiro</i></p>

<i>alumnado e contribuir ó desenvolvemento do P.O.A.P</i>	<i>ciclos e bacharelato concreción dos r. necesarios.</i>	<i>Orienta 2021/22 co alumnado.</i>	<i>Xaneiro-Febreiro</i>
---	---	-------------------------------------	-------------------------

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	FORMAS DE INTERVENCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
<i>Coordinar a Orientación académica e profesional do alumnado de ciclos e bacharelato</i>	<i>Desenvolvemento do programa na aula. Colaboración dos membros do departamento nas actividades e reunións cas familias. Sesións do D.O con grupos específicos de alumnado.</i>	<i>Intervención do D.O. con organismos colaboradores na aula. Titor/ Profesorado/Xefa do D.O. Participación dos tiores-as, D.O. Equipo Directivo.</i>	<i>Xaneiro – marzo 2º Trimestre Decembro - Xaneiro</i>
<i>Idem</i>	<i>Concretar a colaboración de organizacións e institucións do entorno laboral no desenvolvemento do programa.</i>	<i>Contacto do D.O. coa institución colaboradora. (BIC GALICIA) IGAPE. Cámara de Comercio- Viveiro de empresas. De Santiago de Compostela.</i>	<i>2º Trimestre</i>

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	FORMAS DE INTERVENCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
<i>Ídem anterior</i>	Elaboración /difusión de materiais e documentos informativos, cadernos o guías de orientación, vídeos...	Elaborados por parte do D.O. A disposición do alumnado, pais, profesorado, na rede do centro. Teams taboleiros das aulas, e no Taboleiro xeral do centro.	2º e 3º Trimestre
-Colaborar na determinación de materias optativas no Bacharelato e na organización dos itinerarios propostos para cada unha das modalidades de Bacharelato que se impartirán no instituto.	-Realización de estudos sobre as preferencias académicas do alumnado. -Información ó alumnado.	-Reunións da C.C.P -Tutores/D.O Tutores/D.O	2º Trimestre. 3º Trimestre
-Avaliar o funcionamento do Plan, a contribución dos distintos implicados no seu desenvolvemento to e a intervención do D.O	-Elaboración dunha memoria sobre o funcionamento -Avaliar o funcionamento	Selección. Elaboración dos instrumentos para a avaliación. -Elaboración dunha memoria sobre o funcionamento	3º Trimestre. Final de Xuño.
		-Reunións de coordinación de titorías -Reunións do D.O. -Redacción por parte do D.O	

**PROPOSTA DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

CURSO 2022-23

INTRODUCCIÓN

NORMATIVA

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (L.O.E.)

ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ART. 11. ELABORACIÓN E RELACIÓN CO PROXECTO EDUCATIVO

P.3 O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do P.X.A.D.

P.4 Ao comezo de cada curso escolar, o Departamento de Orientación elaborará a proposta da concreción do P.X.A.D., que deberá formar parte da programación Xeral Anual.

P.5 O Equipo Directivo incorporará a concreción do P.X.A.D á Programación Xeral Anual e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

Concepto de diversidade Artigo 3

Entendemos por diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares, diferenzas en canto a: *aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, entornas sociais e culturais...* Estes aspectos conforman tipoloxías e perfís no alumnado que deben determinar, en gran medida, a planificación e acción educativa.

Dentro desta diversidade xeral, pode que algún alumnado precise dunha atención diferente a ordinaria:

- Por presentar Necesidades Específicas de Apoio Educativo. ACNEAE. Artigo 6.
Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.
- Por presentar Necesidades Educativas Especiais. ACNEE Artigo 7
Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

Principios de actuación Artigo 4

1. Por parte dos equipos directivos dos centros docentes:

a) A consideración da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro, asegurando o seu tratamento no proxecto educativo e nos plans, proxectos ou programas que o conforman. Igualmente, garantirase a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa desa diversidade.

b) A distribución e a organización equitativa dos recursos, adaptando a estrutura organizativa do centro docente aos principios de flexibilidade e de atención ás necesidades individuais do alumnado.

c) A información precisa a toda a comunidade educativa, dos proxectos, os plans, os programas, as medidas, os recursos e os servizos con que conte o centro docente.

d) A promoción da convivencia, a coordinación, a participación e o traballo en equipo, así como da formación e a innovación do profesorado en estratexias de atención á diversidade e na mellora continua da calidade educativa, do éxito escolar do alumnado e do seu desenvolvemento profesional.

e) A realización do seguimento e da avaliación dos proxectos, plans e programas, así como, de ser o caso, das propostas de mellora que corresponda.

2. Por parte do profesorado titor:

a) A organización da avaliación inicial do alumnado e a participación nas propostas que realice a xefatura do departamento de orientación en relación ás medidas e aos recursos necesarios para atender á diversidade do alumnado da súa titoría.

b) A coordinación dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado da súa titoría e a promoción da súa participación nas actividades da aula e do centro docente.

c) O intercambio, tanto co resto do equipo docente como coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais, de toda a información que afecte os procesos de ensino e de aprendizaxe.

d) A solicitude da intervención da xefatura do departamento de orientación, no caso de alumnado no que se detecten dificultades de aprendizaxe ou situacións que requiran unha valoración especializada, colaborando no proceso de avaliación psicopedagóxica e na aplicación das medidas que se propoñan e dos informes que se requiran.

3. Por parte do profesorado de área, materia, ámbito ou módulo:

a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.

c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa

d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

4. Por parte dos servizos de orientación educativa e profesional:

a) O asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular

b) A atención das demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.

c) A información a todas as persoas afectadas dos resultados das súas intervencións, así como das accións que, de ser o caso, figuren no informe psicopedagóxico

d) A promoción da participación das familias no proceso da avaliación psicopedagóxica.

e) A coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado.

1. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A identificación das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa constitúen procesos necesario para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

Todo isto farase a través dos seguintes mecanismos:

- Na avaliación inicial realizada a comezos de curso e dirixida ao alumnado dos ciclos formativos de formación profesional e para os cursos de bacharelato.
- Nas xuntanzas da avaliación de cada trimestre.
- Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumno e de cada alumna. (Informe **Final de Avaliación**)
- En momentos puntuais ao longo do curso, segundo as necesidades detectadas.

IDENTIFICACIÓN E VALORACION DE NECESIDADES			
Necesidades do alumnado	Alumna -do	Protocolos da Consellería E.O.U e Outros	Coordinación con outras institucións
Necesidades Educativas Especiais. NEE			
Discapacidade Intelectual		Orientacións e respostas educativas: alumnado con discapacidade intelectual": https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/24710/	
Discapacidade Motórica		https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3647	
Discapacidade Sensorial		http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/27081	
Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TEA) - Síndrome Asperger		Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento": http://www.edu.xunta.gal/portal/node/18477	
Trastornos graves de conduta		http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipapostolosaantiago/system/files/PROBLEMAS.conducta.pdf	
Necesidades Educativas Específicas de apoio educativo. NEAE			
Altas Capacidades		https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/10/16/40af9b01688982e3a742808df6271bc0.pdf	
Incorporación tardía proce-		-Inmigrantes con descoñecemento da lingua galega sen/con desfase curricular	

dentes dou- tros países		-Inmigrantes con descoñecemento da lingua castelá sen / desfase curricular.	
TDAH		“Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativos e sanitario”: https://www.edu.xunta.gal/portal/node/12908 - Orientacións da Asociación compostelana de niños/as con TDAH: http://www.acnhsantiago.org	
Dislexia		Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe”: http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/30105	
Necesidades específicas de aprendizaxe		“Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe”: http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656	
Retraso madurativo			
Con atención Hospitalaria			
Con atención domiciliaria			
Dificultades psicolingüísticas	TEL, Dislalias, Afasias..		
Desvantaxe socioeducativa			
Ambientes desfavorecidos marxinais		Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar	
Etnia xitana		Programas e plans: http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791	Convenio de colaboración entre o IES AS FONTIÑAS e o Secretar. Xitano (Programa Promociona): https://www.gitanos.org/galicia/santiago_de_compostela
Familias itinerantes			
Menores sometidos a medidas de responsabilidade penal			
Alumnado sometidos a			

medidas de protección			
Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero			
Alumnado afectado por medidas de acoso escolar			
Atención educativa a mozas embarazadas			

En canto a valoración das necesidades con respecto ao alumnado de formación Profesional de Grao Básico:

Detectamos entre outras as seguintes dificultades no desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais básicas: dificultades para extraer as ideas principais dun texto, para expresarse tanto a nivel oral, como por escrito. Dificultades no razoamento e lóxica, así como no cálculo mental. Non-teñen adquiridos hábitos de traballo. Deficiente organización do traballo persoal (calendario, horario diario de estudo, axenda). Non teñen adquiridas técnicas de traballo (lectura comprensiva, subliñado, resumo, esquemas...).

En canto aos pais, nais, do alumnado:

- Necesidade de supervisión hábitos de estudo e de organización.
- Colaboración co centro para apoiar o traballo desenvolvido polos docentes.
- Maior comunicación co centro educativo (reunión de presentación do novo curso, entrevistas individuais no primeiro trimestre e ao longo do curso).

Con respecto as necesidades detectadas en relación ao profesorado:

- Dificultades para coordinarse co equipo de profesores.
- Problemática á hora de atender individualmente a un alumno ou alumna con necesidades específicas de apoio educativo ou necesidades especiais. Esta situación lévanos a buscar estratexias metodolóxicas que permitan establecer actuacións variadas que favorezan a atención á diversidade do alumnado.
- FP- Básica, este curso o número de alumnos con necesidades educativas específicas e especiais aumentó, unido a estas necesidades, non contamos con Profesorado de Pedagogía terapéutica, PT, que apoie na aula e axude ao profesorado.

Observamos un **incremento do alumnado** que presenta necesidades educativas especiais e específicas nos ciclos de grao Básico e ciclos medios de formación profesional no réxime ordinario e de adultos.

As ensinanzas de formación profesional para as persoas adultas organizaranse cunha metodoloxía flexible e aberta, baseada na autoaprendizaxe, e adaptada ás súas condicións, capacidades, necesidades, e aos seus intereses persoais, que lles permita a conciliación da aprendizaxe con outras actividades e responsabilidade.

2.- RESPONSA EDUCATIVA. PROPOSTA CURRICULAR

Para todos eles, unha vez identificadas as necesidades específicas, será preciso ir adaptando **as respostas educativas** dende **as programacións xerais e as programacións da aula**, ata aquelas outras propostas que modifiquen mais ou menos significativa mente a proposta curricular, podendo chegar a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio mais ou menos especializados, sempre dende os principios de normalización e inclusión, é por iso, que **priorizaremos as medidas ordinarias** e soamente despois consideraranse as **medidas extraordinarias**, cando se valore e xustifique a súa necesidade.

Normativa:

Decreto 114/2010 polo que se establece a **ordenación xeral da Formación Profesional do sistema educativo de Galicia**, no artigo 33º apartado 1 sinalase que os centros educativos desenvolverán o currículo das ensinanzas de formación profesional de acordo coas características e as expectativas do alumnado con especial atención ás necesidades daquelas persoas que presenten unha discapacidade. E no artigo 34º apartado 3 sinalase que cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non responda globalmente aos obxectivos programados **o profesorado adoptará medidas de reforzo educativo**. **Decreto 229/2011** régúlase a atención á diversidade. orde do 12 de xullo de 2011 (DOG do 15 de xullo) pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

DECRETO 157/2022, de 15 de septiembre, por el que se establecen la ordenación y el currículo del bachillerato en la Comunidad Autónoma de Galicia

Artículo 21. *Atención a la diversidad*

1. En la etapa de bachillerato se prestará especial atención a las alumnas y a los alumnos con necesidad específica de apoyo educativo. A estos efectos, se establecerán las alternativas organizativas y metodológicas, y las medidas de atención a la diversidad precisas para facilitar el acceso al currículo de este alumnado, así como las medidas más adecuadas para que las condiciones de realización de las evaluaciones se adapten a sus necesidades.

Entre estas medidas estarán las de apoyo educativo para el alumnado con dificultades específicas de aprendizaje. En particular, se favorecerá la flexibilización y el empleo de alternativas metodológicas en la enseñanza y en la evaluación de la lengua extranjera, para este alumnado. Estas adaptaciones en ningún caso se tendrán en cuenta para minorar las calificaciones obtenidas.

4. La escolarización del alumnado con altas capacidades intelectuales, identificado como tal según el procedimiento y en los términos que establezca la consellería con competencias en materia de educación, podrá flexibilizarse conforme a la normativa vigente, de forma que pueda reducirse un curso la duración de la etapa, cuando se prevea que esta es la medida más adecuada para el desarrollo de su equilibrio personal y su socialización.

5. Para la atención a la diversidad del alumnado de bachillerato se estará a lo dispuesto en el Decreto 229/2011, de 7 de diciembre

2.- DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN FORMACIÓN PROFESIONAL E BACHARELATO.

Concepto de medidas de atención á diversidade: son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas **medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias** e estarán recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

2.1. MEDIDAS ORDINARIAS

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación. Son as seguintes:

- **ADECUACIÓN DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO**, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado

Coa finalidade de adecuar a estrutura organizativa á diversidade do alumnado, , os centros docentes deberán establecer criterios para:

- a) Elaboración dos horarios do alumnado.
 - b) Asignación de titorías.
 - c) O agrupamento do alumnado.
 - d) A distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos.
- **ADECUACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS AO CONTORNO E AO ALUMNADO**

No mes de setembro os xefes/as dos departamentos concretarán nas correspondentes programacións didácticas os elementos establecidos segundo a normativa vixente. Así mesmo, cada profesor/a, desde a súa materia ou módulo adaptará a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnos/as en particular, unha vez realizada a avaliación inicial dos diferentes grupos.

- **A ACCIÓN TITORIAL E A ORIENTACIÓN:**

O desenvolvemento da acción titorial constitúe unha das medidas de atención á diversidade máis eficaz para coñecer ao alumnado, identificar as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe, considerar o tipo de agrupamento adecuado facilitar a integración dos alumnos/as no seu grupo clase e no centro.

Destinatarios: Todo o alumnado.

Profesorado: Todo o equipo de profesores/as, coordinado polo titor/a, co apoio do departamento de orientación.

Temporalización: Durante todo o curso escolar

➤ **REFORZO EDUCATIVO e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria**

O reforzo educativo afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía:

1. A secuencia de contidos,
2. As formas e instrumentos de avaliación,
3. A organización da aula,
4. Os agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado **a adecuada selección da metodoloxía**, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos **ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas**

Como punto de partida é necesario crear un clima positivo de respecto, confianza e esixencia tanto entre o profesorado e o alumnado como entre o alumnado.

Para conseguir este propósito, o profesorado poderá establecer diferentes tipos de **agrupamentos dentro da aula** para atender á diversidade:

- Traballo en pequeno grupo para favorecer a relación entre o alumnado, cooperación e a colaboración. A través desta proposta de traballo buscarase aproveitar as habilidades de cada un para o traballo en común.
- Tutorización nalgunhas actividades por un compañeiro/a da aula (aprendizaxe entre iguais).
- Traballo individualizado profesorado/alumnado en momentos moi determinados e breves que favorecerán a seguridade do alumnado.

Actividades:

- Diversidade de actividades para cada contido.
- Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade
- Ferramentas TIC aplicadas á atención á diversidade.
- De reforzo.
- De ampliación (para alumnado avantaxados).

Avaliación: Instrumentos e procedementos de avaliación adaptados as necesidades educativas do alumnado.

Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario.

Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe

PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS

Protocolo para solicitude e autorización de medidas ordinarias O protocolo de actuación que se propón para realizar certas medidas ordinarias, neste centro, e segundo a lexislación vixente é:

MEDIDA ORDINARIA	PROTOCOLO DE ACTUACIÓN
Reforzo educativo (Orde do 8 de setembro do 2021)	<p>1. O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.</p> <p>2. As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.</p> <p>3. O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.</p>

	<p>4. Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, que será archivado segundo o procedemento establecido polo centro. No anexo I, a modo orientativo, figura un modelo dese informe.</p>
--	--

2.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou cambios no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Hai que ter en conta dous aspectos para a aplicación destas medidas:

- 1) Aplicaranse unha vez esgotadas as medidas ordinarias ou por resultaren estas insuficientes.
- 2) É necesario a autorización: dirección do centro, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do departamento de orientación.

Son medidas extraordinarias as seguintes:

1. FLEXIBILIZACIÓN MODULAR DE CICLOS FORMATIVOS.

De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

Procedemento de solicitude e autorización de flexibilización modular.

1. Logo de comezado o curso académico e realizada a sesión de avaliación inicial a que se refire o artigo 28 desta orde, a dirección do centro presentará a oportuna solicitude no servizo territorial de inspección educativa correspondente para que se emita informe ao respecto. Á solicitude deberáselle xuntar a seguinte documentación:

- a) Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo Departamento de Orientación do centro en colaboración co-profesorado que exerzan a titoría.
- b) Conformidade expresa do pai e da nai, ou de quen dispoña da titoría legal do alumno ou da alumna, en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.
- c) Fotocopia compulsada do expediente académico.
- d) Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, de ser o caso, as oportuna medidas de reforzo educativo.

2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa remitiralle toda a documentación, xunto co seu informe, ao xefe ou á xefa territorial, a quen corresponderá a autorización ou a denegación da flexibilización.

3. Por iniciativa do Servizo Territorial de Inspección Educativa, poderáselle requirir ao equipo de orientación específico, a elaboración dun informe complementario que motive a resolución.

Prazos no procedemento de flexibilización.

1. O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización perante o Servizo Territorial de Inspección Educativa será ata o 31 de outubro de cada curso académico.

A resolución da autorización da flexibilización comunicaráselle ao centro no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, para a súa comunicación á persoa interesa.

2. MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN NO BACHARELATO

O alumnado con necesidades educativas especiais que curse ensinanzas de bacharelato poderá ampliar a permanencia nesta etapa fragmentando os seus cursos por materias. Neste caso, poderá optar á ampliación extraordinaria dun curso máis por cada un dos dous cursos académicos, non superando a permanencia total de seis anos nestas ensinanzas.

PROTOCOLO PARA A SOLICITUDE E A AUTORIZACIÓN

O procedemento para se acoller á fragmentación é o que segue:

- a) Solicitud de da dirección do centro docente, logo de comezado o curso académico, antes de finais de outubro e ante as dificultades de aprendizaxe detectadas polo equipo docente, á xefatura territorial correspondente, xunto coa seguinte documentación:
 - 1º: Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo profesorado titor.
 - 2º: Informe dos servizos de orientación, no que se acrediten as necesidades educativas especiais e se propoña esa medida.
 - 3º: Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais, no caso de alumnado menor de idade, ou da alumna ou do alumno se é maior de idade.
 - 4º: Copia do historial académico da alumna ou do alumno.
 - 5º: Proposta da nova distribución temporal para cursar as ensinanzas de bacharelato.

- b) A Xefatura Territorial solicitará informe ao Servizo Territorial de Inspección Educativa e trasladará este, xunto co resto da documentación recibida, á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.
- c) A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adoptará a decisión que proceda, segundo o modelo que figura no anexo IX desta orde, e comunicaraa á dirección do centro docente, quen informará a alumna ou o alumno afectados.
- d) d) A solicitude e a autorización da fragmentación realizarase, de ser o caso, para cada un dos dous cursos de bacharelato.
- e) O proceso de solicitude e resolución da flexibilización da duración do período de escolarización realizarase a través da aplicación informática específica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

6 A nota media da etapa de bacharelato para o alumnado que flexibilizou esa etapa calcularase segundo o disposto con carácter xeral para o resto de alumnado.

Rexistro das medidas de flexibilización

Con carácter xeral, as medidas de flexibilización, sexan de redución ou de ampliación da duración do período de escolarización, consignaranse no expediente académico do alumnado, indicando a resolución pola que se autorizaron.

3. ATENCIÓN EDUCATIVA VIRTUAL.

O alumnado da etapa de bacharelato que non poida ser atendido polo centro docente recibirá atención educativa na modalidade de educación a distancia mediante o traslado provisional de matrícula, mantendo a praza educativa no centro de procedencia.

O alumnado autorizado a recibir atención educativa virtual considerárase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas. h) No momento en que o alumno ou a alumna se incorporen ao ensino presencial no centro docente, a dirección deste centro deberá comunicarllo á Xefatura Territorial.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas ordinarias e extraordinarias

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. <li style="padding-left: 20px;">a) Tempos diferenciados horarios específicos, etc. <li style="padding-left: 20px;">b) Espazos diferenciados. <li style="padding-left: 20px;">c) Materiais e recursos didácticos diferenciados. • Desdoblamento de grupos. • Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. • Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. • Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. • Programa específico para alumnado repetidor da materia.

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado con atención educativa virtual • De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). Contemplado só para a etapa obrigatoria no decreto de medidas. • De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro). Contemplado só para a etapa obrigatoria. • Outras medidas organizativas: 	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado con flexibilización na formación profesional. • Alumnado con flexibilización no bacharelato

11 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O Plan do DO sometese a un proceso continuo de avaliación formativa. As actividades de avaliación irán encamiñadas a valorar en que medida acadamos os obxectivos e a mellorar os deseños da intervención orientadora.

Podemos contemplar tres momentos:

1. **Avaliación Inicial:** pretendemos detectar as características do contexto e do centro. É a avaliación de necesidades.
2. **Avaliación continua:** e a avaliación do proceso. Trátase de recoller información para valorar se están a desenvolver as distintas accións de que consta o Plan, se funciona satisfactoriamente ou se é preciso introducir modificacións. A finalidade é optimización do Plan a medida que se vai implementando. Temos estes criterios:

Se se está tendo en conta o criterio de priorización de necesidades que deben satisfacerse.
Se se está a facilitar a participación dos axentes no deseño.
Se se está a prestar apoio suficiente por parte do DO.
Se se está a ter en conta as suxerencias aportadas.
Aplicabilidade do Plan:
imprevistos
Discrepancias que están xurdindo entre as acción planificadas e as realizadas.
Se os tempos son axeitados para o desenvolvemento dos programas
Se existe implicación e interese dos axentes e destinatarios dos programas.

3. **Avaliación Final:** avaliación realizada durante todo o proceso. A finalidade é tomar decisión respecto a continuación do Plan o vindeiro curso. Para esta avaliación debemos sinalar estes criterios:

Nivel de participación do profesorado	
Nivel de implicación do profesorado	
Nivel de participación do alumnado	
Nivel de implicación do alumnado	
Nivel de participación das familias	
Nivel de participación e implicación dos axentes externos.	
Se se tivo en conta o criterio de prioridade das necesidades que deben satisfacerse	
Se se acadou uns niveis de eficacia e eficiencia adecuados nas intervencións.	
Aplicabilidade do Plan:	<ul style="list-style-type: none"> – Dificultades xurdidas na súa posta en práctica. – Imprevistos e obstáculos aparecidos – Discrepancias entre as acción planificadas e as realizadas – Aspectos considerados mellorables
Temporalización	

4. Esta avaliación concretarémola na Memoria que constará dos seguintes puntos:
- Procedementos seguidos na elaboración, seguimento e avaliación do plan
 - Actuacións realizadas nos distintos ámbitos.
 - Valoración do traballo desenvolto e propostas para o vindeiro curso.
 - Valoración do DO como equipo de traballo.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2022

Xefa do Departamento de Orientación:

Ana M^a Varela Cordeiro.